DECRETO

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA AS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DERIVADOS DA FACTURA PRESENTADA POLA MERCANTIL INFORMÁTICA EL CORTE INGLÉS, S.A., CORRESPONDENTE AO CONTRATO ADMINISTRATIVO ASINADO CO CONCELLO DE LUGO "PROXECTO DE RENOVACIÓN DO SISTEMA DE CONTROL DE ACCESOS MEDIANTE CÁMARAS AO CASCO HISTÓRICO," NO EXERCICIO 2020 E FINANCIADO CON RECURSOS PROPIOS, O QUE IMPOSIBILITA A SÚA ADXUDICACIÓN AO ORZAMENTO XERAL MUNICIPAL 2022.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 38-2022, por un importe total de 157.022,99 €, derivados da factura presentada pola mercantil INFORMÁTICA EL CORTE INGLÉS, S.A. co NIF: A-2855260, por importe de 157.022,99 €, correspondente ao contrato administrativo asinado co Concello de Lugo "PROXECTO DE RENOVACION DO SISTEMA DE CONTROL DE ACCESOS MEDIANTE CÁMARAS AO CASCO HISTÓRICO" no exercicio 2020 e financiado con recursos propios, o que imposibilita a súa adxudicación ao orzamento xeral municipal 2022.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal núm: 2193/2022 de día 30.12.2022, así como RCMOD núms: 2022/96849, 2022/96850, 2022/96851, 2022/96852, 2022/96853, 2022/96854, 2022/96855 de día 30.12.2022, por importe total de 157.022,99 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demáis normativa, **RESOLVO:**

Primeiro. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 157.022,99 € euros para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO	IMPORTE €	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO	C.P.	IMPORTE €
13000.15100	10.500,00	13300.60900	18XX00003	157.022,99 €

MURALLA
patrimonio da humanidade

FIRMADO POR 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 30/12/2022)
Decreto Nº: 12870/2022 - Fecha de firma: 30/12/2022
Versión imprimible

CVD: pk9HWsD3B/2PL8BJSKL+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

13000.12001 13000.12003 13000.14301 13000.12100 13200.12100 13600.12004	€ 8.220,00 € 13.402,00 € 24.107,00 € 4.721,00 € 7.790,00 € 88.282,99 €			
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	**157.022,99 €**	**TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO**		**157.022,99 €**

Segundo. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.

FIRMADO POR 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 30/12/2022)
Decreto Nº: 12870/2022 - Fecha de firma: 30/12/2022
Versión imprimible

CVD: pk9HWsD3B/2PL8BJSKL+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.